WIKIPEDIA

Lingua anaang

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A **lingua anaang**, tamén coñecida como **ibibio occidental**,[2] é unha lingua que forma parte do grupo ibibio-efik. É a lingua nativa do pobo anaang de Nixeria. Segundo o ethnologue, en 1991 tiña 1 400 000 falantes. Segundo o joshuaproject, ten 2 335 000.[3]

O anaang está estreitamente relacionado coas outras linguas ibibio-efik: o efik, o ibibio e o ukwa. As linguas ibibio-efik forman parte da familia das linguas do río Cross, dentro da gran familia de linguas benue-congo.

Os falantes de anaang viven no estado de Akwa Ibom, concretamente nos LGAs Ikot Ekpene, Essien Udim, Abak, Ukanafum e Oruk-Anam.[3]

Anaang	
Outros nomes:	Annang, ibibio occidental
Falado en:	Nixeria
Rexións:	Estado do río Cross
Total de falantes:	1 400 000 (1991)[1]
Familia:	Níxer-congo Atlántico-congo Benue-congo río Cross Baixo Cross Ibibio-efik **Anaang**
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	--
ISO 639-2:	---
ISO 639-3:	anw (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=anw)

Dialectoloxía e desenvolvemento da lingua

Os dialectos da lingua anaang son o *Ikot Ekpene*, o *Abak* e o *Ukanafum*.[1]

O anaang ensínase en escolas de primaria e é empregado na televisión.[1]

Relixión

O 99% dos falantes de anaang pertencen a relixións cristiás. Concretamente, o 33% son seguidores de relixións evanxélicas.[3]

Notas

1. anaang en ethnologue.com (http://www.ethnologue.com/show_language.asp?code=anw)
2. Okon E. Essien, 1986, *Ibibio names: their structure and their meanings*
3. anaang en joshuaproject.net (http://www.joshuaproject.net/people-profile.php?peo3=10305&rog3=NI)